

Adegas Moure, medalla do ouro en Nova York

Adegas Moure conseguiu unha das catro medallas de ouro que recibiron os viños españois no prestixioso concurso Starwine 2006, celebrado en Nova York. No certame neoiorquino participaron 1.200 viños, pertecentes de 15 países. A medalla de ouro concedida a Adegas Moure, unha das 36 que concedeu o xurado, correspondeu ao viño Abadia da Cova Barrica 2004, un tinto de mencia con nove meses de crianza en barrica. Os outros galardóns que correspondieron a adegas españolas nesta categoría foron a parar a dúas marcas da Rioxa e unha da denominación de orixe Montsant, de Catalunya.

No certame estiveron representadas as rexións vinícolas máis prestixiosas do mundo, desde Bordeus ao Piamonte, ata Champaña ou o Douro. O xurado do concurso estivo integrado por 45 catadores de dez países -ningún de España-, na súa maioría catadores e xornalistas de publicacións especializadas en viños.

